



Acta de replanteo das obras para dotar de saneamento ás aldeas de Eirexe e Agra



Visita de replanteo das obras de saneamento en Ardilleiro Pequeno (A Granxa)

Boqueixón inviste máis de 400.000 € na mellora e ampliación da rede de saneamento

O Concello inviste máis de 54.000 € na mellora do abastecemento de auga no Burgo e Outeiro

O Concello de Boqueixón está a investir máis de 450.000 euros en obras de mellora e ampliación das súas redes de saneamento e abastecemento de auga.

Así, o pasado mes de xaneiro comezaron os traballos de substitución e ampliación da rede de abastecemento nas localidades de **Burgo** e **Outeiro**, na parroquia de Lamas. Unhas actuacións que contan cun investimento de máis de 54.000 euros, financiados a través dunha achega de Augas de Galicia e que permitirán tamén a dixitalización desta nova rede.

Por outra banda, o Concello fixo a visita de replanteo das obras de saneamento en sete localidades, cun investimento de máis de 400.000€ ao abeiro do Plan



Inicio das obras de ampliación da rede de abastecemento no Burgo e Outeiro

Único. Unha actuación que permitirá ampliar en 2.981 metros a rede actual de saneamento, coa construción de 71 novos pozos de rexistro, 34 arquetas e 4 pequenas depuradoras.

Así, en **Ardilleiro Pequeno**

prolongarase en case 400 metros a rede de saneamento, con 13 pozos de rexistro e 8 arquetas, e instalarase unha pequena depuradora con capacidade para dar servizo a 15 casas. En **Eirexe** e **Agra** canalizaranse outros

910 metros de tubería instalárase unha pequena depuradora para dar servizo a 10 vivendas. Do mesmo xeito, instalaranse outros 285 metros de tubería en **Frenza** e 313 metros en **Xiadás**, onde se fará tamén unha depuradora con capacidade para 25 habitantes.

No núcleo do **Casal** preténdese canalizar 399 metros de tubería de saneamento, cunha estación apta para depurar a carga de 25 habitantes; mentres que en **Villalapaz** canalizaranse 365 metros de tubería de saneamento e instalarase un pozo de bombeo. Finalmente, en **Zarramacedo** haberá unha dobre actuación: 130 metros de tubería para saneamento e outros 80 para canalización de augas pluviais.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

02 feb / 15 feb

LOUREDA

Campo da festa

16 feb / 01 mar

GASTRAR

Campo da festa



Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.
Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com
Redacción e maquetación: Nós Comunicación
Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61
Educación e Cultura: 981 51 31 15
Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

A Xunta inviste 60.000 € na mellora dos accesos ao polígono de Camporrapado

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, visitaron o polígono de Camporrapado, que o pasado ano recibiu 60.000 euros para a mellora dos seus accesos viarios ao abeiro das axudas para a habilitación e mellora das infraestruturas dos parques empresariais. Un programa que a Xunta volverá a convocar na primeira semana de febreiro e que terá un importe de 3,1 millóns de euros, segundo avanzou a conselleira.

Na visita estivo acompañada pola directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao, así como polos concelleiros de Obras, Manuel Fernández Munín;



A conselleira de Economía e Industria visitou a mellora dos accesos viarios

Economía e Facenda, José Manuel Iglesias; Servizos Sociais, Ángela Conde; e Ánxela Santasmarinas, de Veciños de Boqueixón.

As obras consistiron na mellora de varios camiños que rodean o polígono empresarial de Camporrapado a través do reforzo do firme cunha capa de aglomerado

en quente de 5 centímetros, previa reparación de fochancas con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. En total, actuouse sobre unha superficie de 1.795 m² onde ademais, e para mellora da seguridade dos peóns, executouse unha senda peonil de 195 metros de lonxitude e cun

ancho medio de 1,8 metros, mediante 20 cm de zorra e 15 cm de formigón de cor.

Para unha mellor recollida da auga da choiva, construíuse unha rigola de 30 cm de formigón e instalouse unha tubaxe ao longo dos 195 metros de senda, con 12 arquetas sumidoiro e seis pozos de rexistro na calzada. As obras remataron coa limpeza das cunetas e a colocación da sinalización horizontal, co pintado de liñas de bordo e símbolos de tráfico.

O parque empresarial de Camporrapado foi un dos 73 beneficiados en toda Galicia na convocatoria de 2025. Deles, 28 na provincia da Coruña; 22 na de Lugo; 7 en Ourense e 16 en Pontevedra.

O centro de saúde do Forte participa no ensaio clínico Sincigal

O Concello informa de que o centro de saúde do Forte é un dos escollidos para participar no ensaio da vacina do virus sincital, que se prolongará durante o mes de febreiro. O único requisito para participar é ter máis de 18 anos e que o teu número de historia clínica sexa elixido polo programa informático deste estudo (o que supón un 50% de posibilidades de conseguir a vacina).

Aqueles veciños e veci-

ñas que queiran participar neste ensaio teñen que pedir cita en Enfermería do centro de saúde do Forte. Unha vez no centro, hai que darlle acceso aos investigadores ao historial clínico, para que poidan seguir se a persoa enferma ou non. A continuación, hai que asinar o consentimento (incluíndo nome completo, data, sinatura...). Nese momento é cando o programa informático decidirá se poñen ou non a vacina.



Este estudo ten como obxectivo avaliar a redución de ingresos hospitalarios na poboación galega mediante a vacinación fronte ao virus respiratorio sincital (VRS). Este ensaio clínico non avalía a efectividade da vacina, xa autorizada para a súa administración, senón que

busca constatar a súa eficacia á hora de reducir o número de ingresos hospitalarios por VRS na poboación adulta. As persoas interesadas en participar teñen máis información no teléfono gratuito 900 842 217 e na web www.sincigal.com para resolver dúbidas.

Máis de 126.000 € para mellorar as infraestruturas viarias en Boqueixón

Ao abeiro dos plans Camiña Rural e Marco da Xunta de Galicia

A delegada territorial da Xunta, Belén do Campo, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, visitaron varias actuacións de mellora de infraestruturas viarias no municipio por valor de máis de 126.000€. Unhas actuacións financiadas a través dos plans Camiña Rural 2025-2026 e Marco 2024-2025, promovidos pola Xunta de Galicia. Na visita estiveron acompañados polo concelleiro de Facenda, José M. Iglesias, e a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde.

Ao abeiro do Plan Camiña Rural 25-26, Boqueixón dispuxo dunha achega duns 70.000 euros. Estes fondos están destinados a **mellorar o camiño de Donas a Engas** de con tratamento asfáltico semiprofundo e posterior sinalización horizontal e das liñas do bordo e o **viario de Donas co límite de Vedra**, dividido en dous treitos,



A delegada da Xunta visitou as actuacións realizadas no municipio

nos que tamén se aplicará un tratamento asfáltico. Durante a visita, a delegada puido comprobar sobre o terreo o resultado dos traballos xa executados no 2025.

A este investimento súmase o correspondente ao Plan Marco 2024-2025, que destinou ao concello máis de 59.000 euros para a posta a punto de 3 camiños rurais, incluíndo un

tramo en O Tesouro de 960 metros e 100 metros cadrados de abanicos, con tratamento asfáltico e os abanicos en zahorra e instalouse unha sinal de STOP; o **acceso a Casalpeguito** con abanicos, no que se repararon os baches, se asfaltou e se colocou tamén unha sinal de STOP e finalmente e o **viario de Casal** con abanicos no que tamén se levou a cabo o seu asfaltado.



O Concello organiza unha excursión a Fátima de tres días

Os concellos de Boqueixón e Vedra organizan unha excursión a Fátima (Portugal), que terá lugar do 10 ao 12 de marzo. Tres días, con dúas noites, nas que están programadas visitas ás localidades de Aveiro, Nazaré, Batalha e Alcobaca, así como ao santuario da Nosa Señora de Fátima. Prazas limitadas. Inscripcións a partir do luns 9 de febreiro. Máis información: www.boqueixon.gal.



Emilia Seijo celebra na casa do maior Lodeiro o seu 90 aniversario

Tempo de aniversarios na casa do maior Lodeiro (Loureda). Se o mes pasado falabamos do 90 aniversario de José Rosende Lago, desta vez é Emilia Seijo Otero quen acadou as 90 primaveras. Para celebralo, os seus compañeiros acompañárona nunha gran festa con música, baile e tarta con candeas.



Boqueixón suma unha nova casa do maior: Fogar de Lamas

O alcalde, Ovidio Rodeiro, e a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde Leis, visitaron Fogar de Lamas, unha nova casa do maior no municipio promovida por Nerea Barreiro e con axuda da Xunta. As persoas interesadas en acceder a este servizo gratuito poden poñerse en contacto cos Servizos Sociais municipais.



O Entroido dos Xenerais da Ulla chegará a Sergude o 15 de febreiro

Silleda acolleu a presentación oficial do programa do Entroido dos Xenerais da Ulla, festa declarada de Interese Turístico de Galicia que chegará este ano a 27 parroquias de oito municipios: A Estrada, Boqueixón Santiago, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces. Unha presentación realizada polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e á que asistiron o alcalde, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Turismo, José Luís Mareque.

No caso de Boqueixón, a festa terá lugar no campo

da festa de Sergude o Domingo de Entroido, 15 de febreiro. Ás 10:00 horas saíran do campo da festa os Xenerais, Correos e Coros para faceren un percorrido pola parroquia acompañados do grupo Son de Gaita. A partir das 19:00 horas, chegada da Parranda, Correos e Xenerais ao campo da festa, onde se sorteará unha carretilla turbo con produtos do Entroido. Todas as persoas que desexen participan no Entroido con comparsas e vellada, deberán poñerse en contacto co teléfono 629 693 552, para

ENTROIDO SERGUE 2026

DOMINGO 15 FEBREIRO

Ás 10:00 h saída do campo da festa dos xenerais e correos. Acompañados do grupo **SON DE GAITA**

Ás 19:00h chegada ó campo da festa da parranda, correos e xenerais.

Sorteo dunha carretilla turbo con produtos do entroido.

ACTUACIÓNS DA PARRANDA E OS COROS ATRANQUES

FIN DE FESTA CON DISCOTECA MÓVIL **IMPACTO**

¡Haberá churros e chocolate!

IMPORTANT
Todos os que queiran participar no ENTROIDO con comparsas e vellada, por organización e seguridade de todos, deben poñerse en contacto no teléfono: 629 693 552

COLABORA: CONCELLO DE BOQUEIXÓN

unha mellor organización.

Tras as correspondentes actuacións da Parranda e dos Coros, a iso das 20:00 horas, terán lugar os Atranques, cun fin de festa coa discoteca móbil Impacto. Durante toda a tarde haberá churros e chocolate

Unha semana despois,

Domingo de Piñata no marco da XLIII Festa da Filloa de Lestedo, terá lugar a novena edición do Desfile Intermunicipal dos Xenerais da Ulla (12:00 horas) e un Atranque dos Xenerais da Ulla (13:45 horas). Máis información: www.xeneraisdaulla.gal.

Nova edición do servizo de conciliación Entroido Activo

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición do Entroido Activo, un programa lúdico educativo que facilita a conciliación laboral e familiar nestas vacacións de entroido. As actividades desenvolveranse nas instalacións do concello e do CPI Orza Couto os días, 16, 17 e 18 de febreiro, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Dirixido a rapazada que

course 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria (con idades entre os 3 e os 16 anos), cuxas nais, pais, titoras ou titores estean empadroados/as en Boqueixón cun mínimo 3 meses de antigüidade ou cando os/as menores estean escolarizados nun centro educativo de Boqueixón. O Concello oferta 25 prazas e o prazo límite de inscrición remata o 12 de febreiro.

O prezo do programa completo é de 25 euros, coa posibilidade de solicitar días soltos por 10 euros. As inscricións realízanse enviando a ficha de solicitude e demais documentación obrigatoria, a través da sede electrónica do Concello (preferentemente) ou presencialmente no Rexistro Xeral municipal. No caso de existir maior número de solicitudes que prazas,

adxudicaranse por sorteo.

O Concello establece distintas bonificacións para 2º e 3º irmán/irmá, familias numerosas, familias con escasos ingresos e supostos de emerxencia social, que irán dende o 25% de desconto ata a gratuidade total.

Máis información nos teléfonos 981 513 061 e 981 513 106 ou no correo electrónico cim@boqueixon.com.

A EIM Raíña Lupa terá cuberta de acceso e novo parque infantil

Grazas a un investimento de 50.000 euros da Xunta de Galicia

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, acompañada do alcalde, Ovidio Rodeiro, e do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, visitaron a escola infantil Raíña Lupa de Lestedo para anunciar un investimento da Xunta de preto de 50.000 euros para mellorar os servizos e a atención que se ofrece neste centro.

Ovidio Rodeiro agradeceu “un investimento moi demandado que nos permitirá adaptar a parte exterior do parque infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos, realizar melloras no interior como a adaptación da cociña ou a adquisición de novo equipo educativo para as aulas, e mellorar os accesos, colocando unha cuberta no acceso principal para dar unha solución ás familias sobre todo en días como



A conselleira Fabiola García visitou as instalacións da EIM Raíña Lupa

o de hoxe, que chove”. Así mesmo, destacou que o investimento é financiado ao 100% pola Consellería de Política Social e Igualdade.

Fabiola García enmarcou esta intervención no compromiso da Xunta coa atención á infancia e o apoio á conciliación das familias, a través de melloras nos centros de 0 a 3 anos e con medidas pioneiras como a gratuidade desta etapa

educativa. Ao respecto, lembrou que este é o cuarto curso no que as familias galegas non teñen que pagar nada pola atención educativa dos seus fillos ou fillas, vaian a unha escola da Xunta, dun concello, de iniciativa social ou privada. Grazas á gratuidade, Galicia lidera a taxa de escolarización no primeiro ciclo de Infantil cun 65%, 15 puntos por riba da media nacional.

Lestedo acollerá a unidade móbil de doazón de sangue o 11 de febreiro

Unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue visitará Boqueixón o mércores 11 de febreiro. De 15:45 a 21:00 horas, estará diante de Abanca (Lestedo). Hai especial demanda dos tipos 0+, 0- e A+. Para doar só hai que ter máis de 18 anos, pesar máis de 50 kilos e xantar 2 horas antes.

Solicitud de espectáculos da Rede Cultural

O Concello informa de que o prazo para que as asociacións e entidades sen ánimo de lucro de Boqueixón poidan solicitar espectáculos da Rede Cultural da Deputación abrírase do 6 ao 20 de marzo.



A Casa do Concello volveu acoller a recepción do San Vicente

Boqueixón celebrou un ano máis a festa do San Vicente, patrón municipal, coa tradicional recepción á veciñanza no salón de plenos, presidida polo alcalde Ovidio Rodeiro. A festa continuou despois da misa e procesión na igrexa parroquial. Parabéns á comisión de festas.



A veciñanza de Oural celebra as festas de San Amaro

Os veciños e veciñas da parroquia de Oural celebraron a festa de San Amaro/San Mauro. Tras os oficios relixiosos tivo lugar un xantar veciñal e unha actuación musical, que moitos aproveitaron para botar unhas bailas. Parabéns á comisión de festas de Lubián e Camporrapado.

A XLIII Festa da Filloa de Lestedo inclúe un amplo programa de actividades

Nos días previos haberá Festa da Filloíña, cinco sesións de Filloa Cooking e Filloa Folk. No Domingo de Piñata: IX Desfile Intermunicipal de Xenerais da Ulla, pregón e Cocido de Lalín

O alcalde, Ovidio Rodeiro, e o presidente da Asociación Cultural da Filloa, Juan Manuel Silva, presentaron o programa da 43 edición da Festa da Filloa de Lestedo, cuxo día grande terá lugar o domingo 22 de febreiro. Un acto no que estiveron acompañados polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez; o director de Turismo de Galicia, José Manuel Merelles; o deputado provincial de Contratación, Patrimonio e Equipamento, Xosé Luís Penas; o director do CIFP Compostela, Ramiro Esparís; e a actriz e presentadora María Mera.

Rodeiro puxo en valor o traballo realizado polos veciños e veciñas de Lestedo, os integrantes da Asociación Cultural da Filloa, persoal do Concello, entidades e empresas patrocinadoras na elaboración do programa desta edición. Así mesmo, tivo unha mención a José



Autoridades asistentes á presentación da festa no CFIP Compostela

Manuel Canabal “por todos estes anos de traballo como presidente da Asociación Cultural da Filloa”. Agradecimentos aos que se sumou Juan Manuel Silva, quen agarda “que o tempo se porte moito mellor ca nestes días e poidamos desfrutar desta edición número 43”.

Román Rodríguez salientou que “o que comezou como unha festa, hoxe transformouse nun valor patrimonial que crea veciñanza, convivencia, orgullo”,

mentres que José Manuel Merelles situou a Filloa de Lestedo “no Olimpo das Festas de Galicia”.

A XLIII Festa da Filloa inclúe un amplo abano de actividades de promoción, como 5 showcookings, o Filloa Folk e a Festa da Filloíña, cun gran concurso de disfraces infantil con premios de 300 e 200€ (grupos), e 100 e 50€ (parellas e individuais). Inscripcións e máis información: www.festadafilloadelestedo.gal.

PROGRAMA

13/02.- Filloa Cooking. Cata maridaxe cos viños Ribeira da Ulla (20:00h).

14/02.- Festa da Filloíña. A partir das 16:30 h. Música, pregón infantil, atranques de Xeneraliños, concurso de disfraces e concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona (20:30h).

15/02.- Feira da Filloa (12:00h) e Filloa Cooking: “Cocido de Lalín” (12:30h).

16/02.- Filloa Cooking. “Lestedo sen glute”. 19:00 h.

18/02.- Filloa Cooking “Escola filloeira”. 16:00 e 18:30h.

19/02.- Filloa Cooking. “Filloa Accesible”. Ás 12:00 h.

21/02.- Filloa Folk. 19:30 h.

22/02.- XLIII Festa da Filloa. Acendido das máquinas filloeiras (8:00 h). IX Gran Desfile Intermunicipal de Xenerais da Ulla (12:00h). Inauguración oficial, pregón a cargo de Emilio José de la Iglesia Lema, director xeral do gabinete técnico da Presidencia da Xunta (13:00h). Gran alto dos Xenerais da Ulla (13:45h). Cocido da Filloa (14:30h). Sesión vermú e tardeo coa Charanga BB+ e Grupo Ibiza (14:30h). Verbena con Origen e París de Noia (18:30h).

O polideportivo de Lestedo estrea illamento térmico e unha renovada cuberta

O Concello vén de rematar as obras de renovación da cuberta e mellora do illamento térmico do polideportivo de Lestedo. A actuación supuxo un investimento de 60.000€ para solucionar os problemas de humidades e aumentar o confort para

a veciñanza. Ademais, incrementouse a eficiencia enerxética do polideportivo, o que suporá menos emisións a atmosfera e un aforro na factura eléctrica. As obras foron financiadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local 2025, da Xunta de Galicia.



As melloras foron posibles grazas a unha achega de 60.000 euros da Xunta



O Campo da Festa de Rodiño acollerá a unidade móbil da ITV Agrícola a finais de marzo

O Concello de Boqueixón informa de que unha unidade móbil da Inspección Técnica de Vehículos Agrícolas desprazarase ao campo da festa de Rodiño do martes 24 ao xoves 26 de marzo, así como o luns 30 dese mesmo mes. O horario de atención ao público será de 9:00 a 13:30 horas, pola mañá, e de 15:15 a 18:00 horas, pola tarde. Un horario que se manterá os catro días.

Para poder acudir ao servizo é preciso solicitar cita previa ben por teléfono (981 928 080) ben a través da páxina web www.cycitv.com (sección Cita Previa) a partir do 24 de febreiro (antes desa data, non se poderán facer reservas).

O Concello continúa en Loureda os traballos de mellora nos locais sociais

Rematadas as actuacións no Pazo da Feira de Lestedo

O Concello de Boqueixón continúa cos seus traballos de mellora nos distintos locais sociais do municipio e que se están a acometer con fondos propios. Se o mes pasado informabamos das obras acometidas no centro sociocultural de Vigo e do pintado dos locais sociais da Granxa e de Gastrar, este mes deron comezo os traballos de mellora do local

social de Loureda, onde se vai acometer unha profunda remodelación para mellorar as condicións de utilización destas instalacións por parte dos veciños e veciñas.

Pazo da Feira de Lestedo

Por outra banda, o Concello en colaboración coa Xunta de Galicia vén de rematar as obras de mellora do Pazo da Feira de Lestedo. Unha

actuación que contou cun orzamento de algo máis de 44.000 euros.

As obras consistiron na colocación dun falso teito na planta baixa para mellorar a acústica así como novas portas de acceso ao inmobile. Ademais, na segunda planta instalouse un novo solo de tarima flotante e se cambiaron as fiestras e o pasamanos.



Boqueixón e a Festa da Filloa, presentes no Cocido de Lalín

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e representantes da Asociación Cultural da Filloa asistiron á Gran Gala do Cocido de Lalín, en virtude do acordo de irmandamento asinado o ano pasado entre as dúas festas: a Festa da Filloa de Lestedo e o Cocido de Lalín.



As fortes choivas condicionan a celebración do Pico de Xaneiro

O mal tempo, con fortes choivas, moita néboa e fortes ventos, obrigaron á suspensión da parte lúdica programada pola Comisión de Festas da Granxa para o Pico de Xaneiro (polbo, churrasco e música do grupo Do Deloiro). Mantivéronse os oficios relixiosos e unha aguerrida rosquilleira.



Os Reis enchen de maxia o pavillón do Forte

Melchor, Gaspar e Baltasar encheron de maxia e emoción o polideportivo municipal do Forte durante o tradicional Festival de

Reis do Concello de Boqueixón. Centos de persoas abarrotaron o recinto para desfrutar primeiro dos inchables dunha nova edición

de Boqueixogo para despois participar na recepción das Súas Maxestades e degustar unha chocolatada para toda a familia. A festa tivo

continuidade o martes 6 de xaneiro, cunha segunda sesión do Boqueixogo con inchables variados para a rapazada.

AXENDA DO MES DE FEBREIRO

Mércores 11 Doazón de sangue
Lestedo, 15:45 a 21:00h.
Diante de Abanca.

Xoves 12 Entroido Activo
Fin do prazo de inscrición

Venres 13 Filloa Cooking
Pazo da Feira, 20:00h.
Maridaxe con viños Ribeira da Ulla.
Nacho Costoya e Roberto Filgueira.

Sábado 14 Festa da Filloíña
Lestedo, a partir das 16:30h.
Actuacións musicais, pregón infantil, atranques dos xeneraliños, concurso de disfraces e concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona (20:30h).

Domingo 15 Feira da Filloa
Lestedo, 12:00h.
Filloa Cooking: "Cocido de Lalín", con Álex Iglesias (12:30 h).

Domingo 15 Entroido de Sergude
Campo da festa de Sergude.
Pola mañá: Xenerais, Correos e Coros co grupo Son de Gaita. Ás 18:00 horas, Coros do Entroido e o grupo Son de Gaita. Ás 20:00 horas, Atranques dos Xenerais e Verbena con discoteca móbil Impacto.

Luns 16 Lestedo sen glute
Pazo da Feira, 19:00h.
Kike Piñeiro

Mércores 18 Escola filloeira
Pazo da Feira, 16:00 (de 4 a 8 anos) e 18:30 h (de 9 a 16).
Xosé M. Mallón e filloeiras de Lestedo.

Xoves 19 Filloa accesible
Pazo da Feira, 12:00h.
Xosé M. Mallón para a ONCE.

Sábado 21 Filloa Folk
Lestedo, 19:30h.

Domingo 22 XLIII Festa da Filloa
Campo da festa de Lestedo.
IX Gran Desfile de Xenerais da Ulla. Inauguración oficial (13:00h). Gran Alto dos Xenerais da Ulla. Cocido da Filloa. Sesión vermnú e tardeo coa Charanga BB+ e o Grupo IBIZA. Verbena con Orígen e París de Noia.

... e en marzo

Domingo 8 Camiño da Igualdade
Casa do Concello de Touro, 9:30h.
Andaina circular "Camiño da Igualdade", organizada por Boqueixón, Touro e Vedra.
Máis info: 981 513 061.

Martes 10 Excursión a Fátima
Do 10 ao 12 de marzo.
Info: www.boqueixon.gal

Martes 24 ITV Agrícola
Campo da festa de Rodiño.
24, 25, 26 e 30 de marzo, de 9:00 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 h.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 106
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com